



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2019/33	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	23 de setembro de 2019
Duración	Desde as 19:05 ata as 19:25 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
71642234V	ANA BELEN MARTÍN FERNANDEZ	NON
52490479V	FERNANDO SANTIAGO QUINTEIRO LÓPEZ	NON
77013449L	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
78734468V	MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ	NON
44083047M	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
73241615R	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	NON
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	NON

Escusas de asistencia presentadas:
1. ANA BELEN MARTÍN FERNANDEZ:
«Renunciou ao posto de concelleira.»
1. FERNANDO SANTIAGO QUINTEIRO LÓPEZ:
«Renunciou ao posto de concelleiro.»
1. MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ:
«Xustifica baixa por enfermidade.»





Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 3651/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3651/2019.- Outorgar a M. S. M. G., con enderezo en Longán, nº X-Coiro, licenza de obras para en rúa San Francisco, nº X-Cangas (referencia catastral X), reformar a cuberta en 24,60 m²., de planta baixa; 26,00 m²., de primeiro andar; 29,25 m²., de segundo andar e outros tantos de aproveitamento baixo cuberta, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto Javier Rial Lemos, de data maio de 2019. O presuposto de execución material ascende a vinte e cinco mil novecentos sesenta e dous euros con cincuenta e tres céntimos (25.962,53 €). Deberá formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI, farase un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal.

Expediente 1851/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1851/2019.- Autorizar a "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB, para no lugar de Baixada a Francón-Aldán (UD 248317050205), a ocupación de dominio público para executar unha R.B.T.S., para canalización de 14 metros liñais, de conformidade coa documentación presentada polo enxeñeiro industrial Pedro Tizón Barro, de data 4 de marzo de 2019 e as condicións impostas pola Consellería de Medio Ambiente do Territorio e Vivenda de data 18 de xullo de 2019.

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de setecentos sesenta e tres euros con

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3X1S2J5ZQ342ZQW3MR4XEMN | Corrección: http://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 8



corenta e catro céntimos (763,44 €), para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 3732/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3732/2019.- Outorgar a M.J. M. A., con enderezo nas Xegadas, nº X-Darbo, licenza de obras para construír unha piscina de 54,52 m2., no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico Rafael Soliño Costas, de data 13 de xuño de 2019. Deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a seis mil cento sesenta e oito euros con sesenta céntimos (6.168,60 €).

Expediente 2911/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2911/2019.- Autorizar a "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB, para no lugar da rúa Tobal-San Roque-Darbo (UD 248319020045), a ocupación do dominio público para executar unha R.B.T.S., para canalización de 25 metros liñais, de conformidade coa documentación presentada polo enxeñeiro industrial Pedro Tizón Barro, de data 22 de abril de 2019.

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.





* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "Unión Fenosa Distribución SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 5025/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 5025/2019.- Conceder A G. G. M. con enderezo en rúa Hurtado, nºX- Barcelona, licenza de obras para demolición de cuberta, cerramento perimetral, primeiro andar e vaciado interior da edificación sita en rúa Berbetaña, nº X- Cangas (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico José Ponce Yáñez, de data de visado 6 de setembro de 2019. O presuposto de execución material de obras ascende a cinco mil seiscientos noventa e tres euros (5.693,00 €).

Expediente 1474/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 1474/2018.- Conceder á COMUNIDADE DE VECIÑOS EDIFICIO AVENIDA LUGO 1, licenza de obras para, no referido lugar, instalar un ascensor en edificio existente (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico elaborado pola arquitecta técnica Monserrat González Bermúdez, de data de febreiro de 2018, o presuposto de execución material de obras ascende a trinta e oito mil setecentos euros (38.700,00 €).

Expediente 2238/2019. Licenza urbanística





Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 2238/2019.- Outorgar a J.O.M. S., con enderezo na Avenida de Bueu, n° X-Darbo, licenza de legalización de cubrición de terraza para lavadoiro en vivenda sita na Avenida de Bueu, n° X-Darbo (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto Javier Rial Lemos de data de visado o 31 de maio de 2019. O presuposto de execución material de obras ascende a oito mil setecentos corenta e un euros con catro céntimos (8.741,04 €).</p>	

Expediente 3634/2017. Modificación de licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 3634/2017.- Conceder a L.M.A.P., con enderezo na Avda. de Ourense, n° X-Cangas, modificación da licenza de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 06.11.2017, para no lugar da Garita, n° X-Coiro, reformar e ampliar a vivenda unifamiliar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico modificado e de execución elaborado polo arquitecto Gonzalo Moure Ferreiro, de data de visado o 11 de febreiro de 2019. Deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza, o presuposto de execución material de obras ascende a douscentos oito mil euros (208.000,00 €).</p>	

Expediente 2651/2018. Licenza de parcelación urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 522/2018.-</p> <p>PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación solicitada por A. V. C., consistente en agrupar e parcelar un predio inicial de 3874,95 m2., (referencias catastrais: X, X, 36008A025015720000JP e X de urbana), en catro parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico Rafael Soliño Costas de data de maio de 2018, do cal resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 de cesión a vía pública de 73,25 m2.; parcela 2 de 1882,90 m2., sobre a que existe unha vivenda e un hórreo, parcela 3 de 69,35 m2., de cesión a vía pública; parcela 4 de 1849,45 m2., sobre a que existe unha edificación e un galpón.</p> <p>SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará á obriga de cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra de aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes, desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie</p>	





de 142,60 m²., de non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efectos.

Expediente 400/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a E.C.G.P., con DNI nº ***6706**, con expediente nº 36008/01/000924 –31188, a ampliación do Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €), doce euros con once céntimos (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento trinta e catro euros con corenta céntimos/mes (134,40 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 23 de setembro de 2019.

Expediente 5249/2019. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a M.P.N., con DNI nº ***3730** e con expediente nº 36008/02/002710 –54404, o Servizo de axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico





Custo total do servizo: trescentos sesenta e tres euros con trinta céntimos (363,30 €); doce euros con once céntimos (12,11 €hora).

Achega económica da persoa usuaria: oitenta euros con dez céntimos/mes (80,10 €mes).

Número de horas: 30 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de outubro de 2019.

Expediente 6285/2018. A) Proposta da alcaldía para aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para coleccións bibliográficas. B) Proposta da alcaldía para aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para dotación de novidades editoriais en galego

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A) Proposta da alcaldía para aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para coleccións bibliográficas

Vista a proposta de data 16.09.2019 da Alcaldía, referente á aprobación da conta xustificativa da axuda concedida para coleccións bibliográficas, polo importe de catro mil seiscientos cincuenta e cinco euros (4.655,00 euros), que di o seguinte:

"En relación coa subvención concedida pola Consellería de Cultura e Turismo, ao abeiro da Orde de 3 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia e se convoca para o ano 2019, polo importe de catro mil seiscientos cincuenta e cinco euros (4.655,00 euros).

Visto o informe do interventor municipal referente á conta xustificativa da subvención mencionada.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para mellora das coleccións bibliográficas, polo importe total de catro mil seiscientos sesenta e nove euros con vinte e sete céntimos (4.669,27 €).

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e se cumpriu coa finalidade da subvención concedida, de conformidade coa documentación que consta no expediente.

Terceiro.- Que os fondos bibliográficos adquiridos coa subvención que se xustifica forman parte das bibliotecas e axencia municipal".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.





B) Proposta da alcaldía para aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para dotación de novidades editoriais en galego

Vista a proposta de data 16.09.2019 da alcaldía, referente á conta xustificativa da axuda concedida polo importe de dous mil setecentos oitenta e catro euros con trinta e oito céntimos (2.784,38 euros), para dotación de novidades editoriais en galego, que di o seguinte:

"En relación coa subvención concedida pola Consellería de Cultura e Turismo, ao abeiro da Orde do 3 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia e se convoca para o ano 2019, polo importe de dous mil setecentos oitenta e catro euros con trinta e oito céntimos (2.784,38 €).

Visto o informe do interventor municipal, propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para dotación de novidades editoriais en galego, polo importe total de dous mil setecentos oitenta euros con sesenta e cinco céntimos (2.780,65 €).

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e se cumpriu coa finalidade da subvención concedida de conformidade coa documentación que constan no expediente.

Terceiro.- Que os fondos bibliográficos adquiridos coa subvención que se xustifica forman parte das bibliotecas e axencia municipal".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

